



**PLAN DE
ACOLLIDA
DO
CEIP ÁLVARO
CUNQUEIRO MORA**



PLAN DE ACOLLIDA

ÍNDICE

1.-Xustificación.....	3
2.-Novas normas de organización do centro	3
Organización das entradas e saídas	3
1º DÍA: 10 DE SETEMBRO.....	5
RECREOS.....	6
ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN	6
TUTORÍAS.....	6
ORIENTACIÓN.....	7
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	7
3.- INSTRUCCIÓN XERAIS	7
4.- Actuacións de prevención, hixiene e protección.....	8
Prevención	8
5.- Accións formativas para mellorar a competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.	9
Accións para os grupos de EI e de Educación Primaria ata o 4º curso:.....	9
Accións para os grupos Edixgal (5º e 6º de Educación Primaria)	10
6.- Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.	10



PLAN DE ACOLLIDA

1.-Xustificación

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida” para o reinicio da actividade lectiva presencial o vindeiro 10 de setembro.

2.-Novas normas de organización do centro

Ao inicio de curso enviarase unha circular informativa cun resumo dos aspectos máis significativos con respecto a estas novas normas de organización e funcionamento do centro.

USO DE MÁSCARA

O uso de máscara será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula, e para o alumnado de infantil será preciso que usen máscara nas entradas, saídas e cando sexa posible, nos espazos común.

Organización das entradas e saídas

O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é evitar as aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas.

O éxito desde plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto polas familias como por parte do profesorado e servizo de transporte.

Diferenciamos 2 portas de entrada:

PORTA PRINCIPAL 1.- Por onde entrará o alumnado de Educación Infantil.

PORTA PRINCIPAL 2.- Por onde entrará o alumnado de Educación Primaria.

ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS

IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de Educación Infantil. Os acompañantes do alumnado de Educación Primaria non poden acceder ao patio nin ao edificio.



PLAN DE ACOLLIDA

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas.

Por elo, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna, será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, en canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

Recomendamos que se eviten aos acompañantes que sexan persoas de risco.

Alumnado de infantil

- Alumnado transportado de Educación Infantil, será recollido polo profesorado de garda e levado para o interior do centro para o lugar habilitado a tal fin.
- O alumnado transportado ten preferencia na entrada ao recinto, ata que non entre todo o alumnado transportado non entrará o resto.
- Alumnado non transportado colocarse nas ringleiras sinaladas para cada nivel, mantendo as distancias de seguridade e hixiénicas establecidas.
- Só poderá acompañar un membro da familia ao alumno/a ata a ringleira correspondente, gardando sempre a distancia de seguridade entre o resto de acompañantes. O uso de máscara para os acompañantes é obrigatorio.
- O uso de máscara será obrigatorio na entrada e na saída para todo o alumnado.

Alumnado de Primaria

- Tanto o alumnado transportado como non transportado segundo vaian chegando colocaranse nas ringleiras sinaladas para o seu grupo, gardando sempre as medidas hixiénicas e de seguridade.
- O titor/a ou mestre/a especialista recollerá o grupo que lle corresponde na súa ringleira e acompañará ao grupo ata a aula.
- O uso de máscara é obrigatorio para todo o alumnado.

SAÍDAS

O alumnado de E Infantil saíra 10 minutos antes do horario estipulado para a saída para evitar aglomeracións.

Os mestres de garda irá recollendo ao alumnado transportado e acompañarao ata a fila do transporte correspondente situada no patio cuberto.

Ata que non remate de saír o alumnado transportado non comezará a saír o resto do alumnado.



PLAN DE ACOLLIDA

Este será acompañado polo mestre titor ou especialista segundo corresponda ata as escaleiras do patio cuberto onde os recollerá o mestre de garda e entregará aos acompañantes do alumnado

Estes deben esperar fóra do recinto e abandonar a beirarrúa á maior brevidade posible para evitar aglomeracións.

No caso de Educación Infantil, os acompañantes poderán entrar no recinto e permanecer nel o menor tempo posible, para a recepción dos alumnos, sempre coa máscara posta e gardando as distancias de seguridade.

No corredor só poderá haber un curso ata que non estea libre o corredor non pode saír o seguinte, comezase por 1º de Educación Primaria correlativamente ata 6º de Primaria. Simultaneamente sairá o alumnado de Educación Infantil, todos eles pola mesma porta da entrada.

Nas ringleiras gardarase a distancia de seguridade e todo o alumnado do centro levará a máscara posta.

1º DÍA: 10 DE SETEMBRO.

Calendario de comezo da actividade lectiva segundo a Consellería:

Xoves 10	4º e 5º E Infantil, 1º, 2º e 3º E Primaria
Venres 11	6º E Infantil, 4º,5º e 6º E Primaria

CADRO DE REUNIÓN NA CASA DA XUVENTUDE DE MONDOÑEDO

CURSO	DÍA	HORA
4º E Infantil	04/09	11:30
5º E Infantil	07/09	17:00
5º E Primaria	07/09	19:00
6º E Primaria	08/09	11:30
1º E Primaria	08/09	17:00
4º E Primaria	08/09	18:30
3º E Primaria	09/09	11:30
2º e 6º E.Primaria	09/09	19:00



PLAN DE ACOLLIDA

IMPORTANTE: Este día os acompañantes de Educación Infantil e 1º de Educación Primaria poden acceder ao patio (por favor un acompañante por alumno/a).

O resto da mañá adicarase a ensaiar co alumnado as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanciamento social...

Durante todo o mes de setembro as actividades relacionadas con estes aspectos ocuparan gran parte da xornada lectiva.

Ao longo deste mes o profesorado traballará co seu alumnado o emprego da aula virtual co fin de estar preparados ante unha posible suspensión de clases.

O primeiro día de clase os nenos e nenas só teñen que traer unha axenda ou libreta e un bolígrafo ou lapis.

Neste curso, o alumnado de Educación Primaria deixará os libros e libretas que non precisen na reixa

da mesa, todo o material deberá ter o nome. Ademais, tódolos días, deberán traer un sobre de plástico, para deixar a máscara se nalgún momento deben prescindir dela, así como deberán traer unha máscara de reposo noutro sobre na mochila co nome.

RECREOS

Recreos: manterase o mesmo o horario pero dividirase o patio en diferentes espazos para cada un dos grupos.

ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN

Só se atenderá presencialmente con cita previa.

Pódese solicitala a través do teléfono (982 870 553)ou do correo electrónico (ceip.cunqueiro@edu.xunta.gal).

Tamén poden empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.

TITORÍAS.

Nas reunións de titorías e nas comunicación por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

A reunión será presencial cando sexa imprescindible e con cita previa.



PLAN DE ACOLLIDA

ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por teléfono, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atendera presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

En canto ao comedor respectaranse as medidas de seguridade e hixiene. O alumnado comerá cada día no mesmo sitio. E levarase a cabo en dúas quendas.

O autobús rexerese polas indicacións do protocolo.

3.- INSTRUCCIÓNS XERAIS

As familias non accederán ao recinto escolar, agás en educación infantil, no que un familiar poderá acompañar ao neno/a ata a ringleira correspondente.

Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou xogando nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do centro.

Informarase ás familias de que non poden facer aglomeracións nos accesos ao recinto escolar.

Para facer efectiva a entrada ao recinto escolar haberá 3 mestres de garda e os demais estarán agardando polo alumnado. Todo isto para que as entradas ao recinto escolar se dean en condicións de seguridade.

As entradas e saídas faranse de maneira ordenada e o uso de máscara é obrigatorio.

Os grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos.

As titorías serán preferiblemente por vía telemática ou telefónica. De ser necesario a reunión presencial farase na aula, gardando as medidas de hixiene e seguridade adecuadas.

As reunións de centro, Claustro, Consello Escolar realizaranse no comedor, respectando o aforo máximo establecido, empregando sempre a máscara e cunha correcta ventilación do local. No caso de non poderse facer de xeito presencial serán telemáticas.

O uso de máscara será obrigatorio nos desprazamentos polas instalacións do centro e no recreo agás infantil.



PLAN DE ACOLLIDA

Este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que impliquen grandes aglomeracións de persoas. En todo caso poderanse facer celebracións que eviten mesturas de alumnado de diferentes niveis e sempre que o tempo o permita ao aire libre. Levaranse a cabo labores de desinfección antes e despois da celebración.

Aforos

- Baños: 2 persoa
- Sala mestres: 10 persoas
- Biblioteca: 15 persoas

Recreos e merendas

- Habrá dúas quedas de recreo, unha para infantil e outra para primaria.
- En cada unha das quedas as zonas de recreo estarán limitadas.
- As merendas realizaranse de xeito individual.

4.- Actuacións de prevención, hixiene e protección

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro.

Prevención

Compromiso realización auto enquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio).

Na entrada miraráse a temperatura a todo o alumnado.

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles coa COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

O uso de máscara é obrigatorio para todo o alumnado nas entradas e saídas.

Antes de acceder ao centro ou a algunha das súas dependencias limparase as mans con hidroxel e manterase a distancia de seguridade sempre que sexa posible.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo sobre a adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos



PLAN DE ACOLLIDA

40 segundos, ou con solucións hidro alcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto.

- Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: como poñelas e quitatalas, onde se gardan...
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.
- Información do uso correcto da máscara e de como poñela e sacala adecuadamente.
- Realizar actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (canto é 1 metro e medio?)
- Recordar a necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.

5.- Accións formativas para mellorar a competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

Accións para os grupos de EI e de Educación Primaria ata o 4º curso:

Ao inicio de curso adicaranse varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento. Cada alumno e alumna recibirá unha etiqueta co seu usuario e contrasinal que deberán pegar na súa axenda para evitar perdas. Adicarase un tempo a explicar a privacidade dos contrasinais e o uso seguro das mesmas. No caso do alumnado de EI 4º e 5º nivel solicitarase a colaboración das familias que recibirán o usuario e contrasinal vía Telegram, así como un pequeno manual sobre o funcionamento da nosa Aula Virtual.

Propónse tamén a todo o profesorado (proposta a incluír no Plan TIC anual do centro) o emprego da Aula Virtual no ensino presencial por lo menos unha vez quincenalmente con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia.

Para o profesorado de haberá nos primeiros día de setembro unha xornada informativa sobre o funcionamento da aula virtual, así como das súas posibles utilizacións, tamén se establecerán pautas comúns cara o alumnado para a utilización deste espazo: como identificar os arquivos a enviar, prazos de entrega, medios válidos de arquivos, etcétera. A realización destas xornadas correrán a cargo do coordinador TIC do centro.

Para rematar este protocolo ao inicio de setembro deberase proceder a actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar para detectar problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia.



PLAN DE ACOLLIDA

Accións para os grupos Edixgal (5º e 6º de Educación Primaria)

En 6º, asignarlle o antes posible as credenciais novas. Como xa coñecen a plataforma, farase un pequeno repaso co contidos traballados.

En 5º, asignar as credenciais tamén o antes posible e empezar a traballar cos PCs cargando diferentes contidos, realizando tarefas coas diferentes modalidades que ofrece a plataforma, etc. A cuestión é ver canto antes as posibilidades que hai para traballar cos PCs.

O ordenadores cargaranse na aula de cada nivel.

Haberá que axilizar a carga de contidos na plataforma e realizar diferentes traballos a través da mesma.

6.- Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

1. Atención aos aspectos emocionais e sociais

A situación da pandemia da Covid-19 e o confinamento alterou en gran medida a vida diaria da comunidade educativa. Interrompeuse a vida cotiá dos alumnos e alumnas ao ter que deixar de asistir ao colexio, o contacto físico con familiares e amigos e posiblemente escoitaron ou viron pola televisión noticias referentes á enfermidade.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado en ocasións traballará por grupos



PLAN DE ACOLLIDA

dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras propias do noso PE como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.

Tratarase de dar resposta ás diferentes situacións emocionais dos nosos alumnos/as e das dúas familias a través das seguintes actuacións:

- Atenderase e acollerase ao alumnado coidando moito a súa situación emocional.
- Realizaranse actividades dinámicas de grupo que axuden á xestión emocional dos nenos e nenas.
- Empregaranse diferentes metodoloxías, mais participativas e baseadas principalmente no diálogo e na comunicación, onde o alumnado poda compartir os seus sentimentos e emocións vividas.
- Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base a adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo cooperativo, que prepare ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro, dende unha perspectiva persoal, social, científica, humanística, histórica, artística, académica e profesional.
- O Departamento de Orientación atenderá de forma máis individualizada a aqueles nenos e nenas que presenten unhas necesidades máis específicas.